



DATOS IDENTIFICATIVOS

Informática: Arquitectura de ordenadores

Materia	Informática: Arquitectura de ordenadores			
Código	V05G303V01103			
Titulación	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Docencia en Inglés			
Descriidores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Enxeñaría telemática			
Coordinador/a	Llamas Nistal, Martín			
Profesorado	Anido Rifón, Luis Eulogio Costa Montenegro, Enrique Llamas Nistal, Martín Ramos Merino, Mateo Santos Gago, Juan Manuel			
Correo-e	martin@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descripción xeral	O ordenador converteuse nunha ferramenta imprescindible. Isto faise máis evidente nos estudos de Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, onde xa non é só necesario como usuario, e en moitos casos como usuario especializado, senón como ferramenta obxecto de deseño ou parte intimamente ligada doutros sistemas que o enxeñeiro ha de deseñar. Por iso, a principal motivación da materia Arquitectura de Ordenadores é proporcionar os coñecementos necesarios para entender o funcionamiento do ordenador centrándose nos niveis de abstracción máis baixos pero sen chegar á circuitaría electrónica. A materia de Arquitectura de Ordenadores centrarse no nivel de máquina convencional, introduce o nivel de máquina operativa e presenta un exemplo de aplicación no nivel de máquina simbólica a través da presentación dos Sistemas de Xestión de Bases de Datos.			

Competencias

Código

B3	CG3 Coñecemento de materias básicas e tecnoloxías que capaciten o alumnado para a aprendizaxe de novos métodos e tecnoloxías, así como para dotalo dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.
B4	CG4 Capacidad para resolver problemas con iniciativa, para a toma de decisións, a creatividade, e para comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas, comprendendo a responsabilidade ética e profesional da actividade do Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación.
C2	CE2/FB2 Coñecementos básicos sobre o uso e programación dos computadores, sistemas operativos, bases de datos e programas informáticos con aplicación en enxeñaría.
D2	CT2 Concibir a Enxeñaría no marco do desenvolvemento sostible.
D3	CT3 Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, amosando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinión discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto os dereitos fundamentais, acesibilidade, etc.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecementos dos principais conceptos relacionados coa arquitectura dos computadores e capacidade para a súa manexo a través de modelos.	B3 C3 B20 C9 B21 C13 C17
--	--

Capacidade para o manexo dos sistemas de representación da información utilizados nos computadores	A1 A2 A3 A4 A5	B3 C4 C5 C8 C14	C3 D15 D22 C17	D7
Coñecementos dos tipos de instrucións más representativas e variacións más relevantes e capacidade para determinar as implicacións do seu uso por parte do programador de máquina convencional		B3 B4 B14	C2 C4 C15	
			C17	
Coñecementos dos principais modos de direccionamiento en linguaxe ensamblador e capacidade para o manexo eficiente dos mesmos.	A1 A2	B2 B3	C2 C24	
		B4		
		B11		
		B12		
		B13		
		B15		
		B16		
		B25		
		B26		
Adquisición de habilidades sobre o deseño de algoritmos e a construcción de programas a nivel de máquina convencional	A1 A2 A3 A4	B1 B3 B4 B4	C1 C2 D3 D3	D1 D2 D3 D11 D18
Coñecemento dos principios e componentes fundamentais dos sistemas operativos	A1 A3 A4 A5	B3	C1 C2 C3 C4	D3 D9 C18 C27 C33
Comprensión das funcións principais dos sistemas operativos	A1 A2 A3 A5	B2 B3	C2 C16 C19	D1 D2 D3 D3 D7 D8 D9 D13 D14 D17 D18 D21
Coñecemento dos aspectos fundamentais das bases de datos.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B3	C2 C2 C3 C8 C13	D1 D2 D3 D3 D4 C22 D8 C24 D9 D11 D12 D14 D16 D18 D19

Comprensión dos distintos modelos de organización da información en bases de datos	A1 A2 A3 A4 A5	B3 C3 C4 C5 C8 C14 C17 C18 C21 C27 C32	C2 D7 D9 D14 D15 D22 D23 C18 C21 C27 C32	D3
Adquisición de habilidades básicas sobre as linguaxes de consulta a bases de datos	A1 A2 A3 A5	B2 B3 B4 C16 C19	C2 D16 D2 D2 D3 D3 D7 D8 D9 D13 D14 D17 D18 D21	D1 D2 D2 D3 D3 D7 D8 D9 D13 D14 D17 D18 D21

Contidos

Tema

1. Preliminares	Representación da información nos ordenadores. Modelo de Von Neumann. Modelos estructural, procesal e funcional.
2. Modelo von Neumann	Compoñentes da máquina von Neumann. Máquina Sinxela. Unidade central de proceso, unidade aritmético-lóxica, memorias, rexistros, buses. Comunicacións co exterior: espera activa. Introdución aos direccionamientos.
3. Representación e procesamiento simbólico.	Representación dos tipos elementais de datos: enteros, caracteres, números en coma flotante. Convenios sobre a orde de almacenamento en memoria. Operacións de procesamiento. Introdución ao procesamiento simbólico. Linguaxe ensamblador.
4. Instrucións e direccionamientos	Instrucións e direccionamientos Consideracións sobre o software. Rexistros no nivel de máquina convencional. Linguaxe de transferencia entre registros (nivel RT). Formatos de instrucións. Modos de direccionamiento. Pilas e subprogramas. Linguaxes ensambladores.
5. Máquina convencional típica	Modelo estructural. Modelo funcional. Repertorio de instrucións. Modos de direccionamiento. Ensamblador. Exemplo de programas.
6. Xestión da Periferia	Tipos de periféricos. Tratamento da variedade. Modelos. Memorias secundarias. Interrupcións. Rutinas de servizo. ADM: xustificación.
7. Sistemas Operativos	Máquina operativa. Introdución aos Sistemas Operativos. Definición dun Sistema Operativo. Interfaz dun Sistema Operativo.
8. Bases de Datos	Introdución ás Bases de Datos. Modelo Relacional. Modelo Entidade Relación. Linguaxes de consulta. Introdución a SQL.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	22	27.5	49.5
Actividades introductorias	5	5	10
Resolución de problemas	10	17.5	27.5
Lección maxistral	12	24	36
Autoavalación	0	3	3
Práctica de laboratorio	4	8	12
Probas de resposta curta	3	9	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Prácticas de laboratorio	No laboratorio, realizaránse prácticas de programas de ordenador simple (Simplez) e de ordenador normal. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CG4, CT2, CT3 e CE2.

Actividades introdutoriasA exposición do programa da materia, metodoloxía utilizadas, horas de clases, probas, operación do laboratorio, e todos os aspectos relacionados co tema. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CT3 e CG3.

Resolución de problemas	Resolveránse problemas e exercicios tanto de programación como da representación da información, etc. Algúns previamente faránse na casa polos alumnos, e na algúns participarán activamente na súa resolución. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG4, CT2 e CE2.
Lección maxistral	Expóñeranse en clase os temas teóricos e a súa aplicación práctica. Intentarase que o alumno participe intercalando a resolución de exercicios, de tal forma que en cada sesión de clases haxa sesions maxistrais e resolución de problemas e exercicios. Con esta metodoloxía trabállanse as competencias CG3, CT3 e CE2.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lección maxistral	O alumnado terá ocasión de acudir a tutorías personalizadas no horario que se establecerá para ese efecto ao principio do curso. Este horario publicarase na web da materia.
Prácticas de laboratorio	O alumnado terá ocasión de acudir a tutorías personalizadas no horario que se establecerá para ese efecto ao principio do curso. Este horario publicarase na web da materia.
Resolución de problemas	O alumnado terá ocasión de acudir a tutorías personalizadas no horario que se establecerá para ese efecto ao principio do curso. Este horario publicarase na web da materia.

Avaluación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Autoavaliación	Deixaranse preguntas de exame doutras convocatorias para que poidan autoavaliarse.	0	B3 B4	C2
Práctica de laboratorio	Realizaranse tres exercicios prácticos no laboratorio de avaliação continua, e outros tres exercicios curtos en cada quenda de laboratorio.	50	B3 B4	C2
Probas de resposta curta	Realizaranse en teoría aproximadamente 12 exercicios de avaliação continua, divididos en duas partes.	50	B3 B4	C2

Outros comentarios sobre a Avaluación

AVALIACIÓN

A materia divídese en dúas partes: Teoría e Práctica.

Consideraremos:

- A media harmónica de A e B como $MH(A,B) = 2*A*B/(A+B)$. Se $A=B=0$, entón $MH(A,B)=0$.
- A media aritmética de A e B como $MA(A,B) = (A+B)/2$

Para o cálculo de notas entre dúas partes distintas (A e B) empregaremos a media mixta $MM(A,B)$, que calcúlase da seguinte forma:

Se $A >= 5$ e $B >= 5$ entón $MM(A,B) = MA(A, B)$

si non {

 Se $MH(A,B) > 3$ entón $MM(A,B) = MH(A,B)$

 se non $MM(A,B) = MA(A,B)$, máx. 3 (é dicir, si $MA(A,B)>3$ entón $MM(A,B)=3$)

}

En palabras, a MM de A e B é a media aritmética se tanto A e B son maiores ou iguais a 5. Se non, é a media harmónica, salvo que esta sexa menor de 3, onde se aplicará a media aritmética con máximo valor de 3.

A nota final da materia (NF) calcúlase en función da nota de Teoría (NT) e da nota de Práctica (NP): $NF = MM(NT, NP)$. A cualificación é individual.

Para aprobar a materia, NF ha de ser maior ou igual a 5.

Cada parte da materia poderase Avaliar de forma Continua (EC) ou por Exame Final (EF).

O EF será realizado nas horas oficialmente aprobadas, e constará de dúas partes: Teoría e Práctica.

A avaliación continua consta das tarefas que se detallan nesta guía e non son recuperables, é dicir, se un alumno non pode cumplirlas no prazo estipulado o profesor non ten obriga de repetilas.

Se una das partes (Teoría ou Práctica) apróbase na avaliación en Primeira Oportunidade, consérvase a nota para a avaliación en Segunda Oportunidade na que o alumno só se deberá examinar da outra parte.

A cualificación obtida nas tarefas availables será válida tan só para o curso académico no que se realicen.

TEORÍA

A parte de Teoría divídese en dúas partes: T1 e T2. T1 cubre aproximadamente o 66 % do temario (ata o tema 5 incluído), e T2 o 100% de o temario.

A impartición das clases de teoría farase mediante Clase Inversa Mixta, que consiste en que á semana, unha hora de clase farase mediante a visualización de vídeos fora do aula, e a outra hora de clase no aula para resolver dúbidas, realización de problemas e avaliación.

*** AVALIACIÓN EN PRIMEIRA OPORTUNIDAD**

***.* EVALUACION CONTINUA (EC).**

A avaliación continua consiste na realización de exercicios curtos (10-15 minutos) na hora de clase semanal. A nota da parte T1 e T2 será a media aritmética correspondente ós exercicios de cada unha de esas partes (aproximadamente 7 e 5, respectivamente). Non se realizará ningún exercicio no calendario de exames: todos os exercicios serán realizados en clase. Se un alumno non pode asistir a algún exercicio, non se lle repetirá. Normalmente case todas as semanas farase un exercicio curto: aquelas semanas que non se realice o exercicio curto, aprazarase para a seguinte semana, onde se realizarán dous exercicios curtos, ou un só pero con dobre peso.

A nota de Teoría mediante EC na avaliación en Primeira Oportunidade é a media mixta da nota de estas dúas partes,

$$NT = MM(T1, T2)$$

Se un alumno suspendese a teoría, pero aproba unha das partes (T1 ou T2), conserváráselle a nota da parte aprobada para a avaliación en Segunda Oportunidade. Se suspendese as dúas partes deberá presentarse ó Exame Final na avaliación en Segunda Oportunidade.

***.* EXAME FINAL**

Todo alumno que non siga a EC deberá presentarse ó Exame Final (EF). O EF consta de dous exercicios (de cada unha das partes): T1 e T2, a realizar en 90 minutos más un exame tipo test (TEST) sobre todo o contido da materia a realizar en 20 minutos.

A nota total será $NT=0,8*MM(T1, T2) + 0,2*TEST$

*** AVALIACIÓN EN SEGUNDA OPORTUNIDAD**

O Exame Final de avaliación en Segunda Oportunidade ten a mesma estrutura que o da avaliación en Primeira Oportunidade.

Se non realizou EC, terá que presentarse a todo o exame final, tanto a T1 como a T2 e TEST, independentemente das notas obtidas no exame Final de avaliación en Primeira Oportunidade en cada proba.

Se realizou EC e suspendeu a teoría, pero aprobou unha das partes (T1 ou T2), poderase presentar unicamente á parte suspensa, anulando a nota obtida en EC e conservándose a parte aprobada. A nota de teoría será igual que en EC:
 $NT=MM(T1, T2)$.

Se realizou EC e suspendeu a Teoría así como as dúas partes T1 e T2, terá que presentarse a todo o Exame Final (T1, T2 e TEST).

*** CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA**

Consistirá nun exame similar ó do Exame Final de avaliación en Primeira Oportunidade.

PRÁCTICA

* AVALIACIÓN EN PRIMEIRA OPORTUNIDADE

.*.* EVALUACION CONTINUA.

A parte de Práctica en EC consta de 3 exercicios P1, P2 e P3. P1 tratará dun ordenador SINXELO, P2 do ordenador BÁSICO (arredor do 60% do temario) e P3 sobre un ordenador COMPLETO (100% de o temario). Os exercicios realizaranse no laboratorio e durarán aproximadamente 1 hora. P1 será sobre a Semana 4, P2 sobre a semana 8 e P3 o día de o exame final (será un exame distinto para os que decidan continuar por EC ou para os que decidan presentarse unicamente a a EF). P1 e P2 realizaranxe en quendas de tarde.A planificación das diferentes probas de avaliação intermedia aprobarase nunha Comisión Académica de Grao (CAG) e estará disponible ao principio do cuatrimestre

A nota total será $NP=0,20*P1+0,35*P2+0,45*P3$

.*.* EXAME FINAL

Todo alumno que non siga a EC deberá presentarse ó Exame Final (EF).

O EF de Práctica consistirá nun exercicio sobre o ordenador COMPLETO a realizar no laboratorio en unha hora (aproximadamente).

A Nota de Práctica en este caso é a nota do EF.

* AVALIACIÓN EN SEGUNDA OPORTUNIDADE

Consistirá nun exame similar ó do Exame Final de avaliação en Primeira Oportunidade. Todo alumno suspenso na parte práctica, siga a EC ou non, deberá presentarse a este exame.

* CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE FIN DE CARREIRA

Consistirá nun exame similar ó do Exame Final de Avaliación en Primeira Oportunidade.

CUESTIÓNS XERAIS

Todas as notas de todos os exercicios e exames realizados tanto en teoría como en práctica puntuaranse de 0 a 10. O nota do Exame TEST de Teoría pode ser negativa.

ELECCIÓN DE AVALIACIÓN CONTINUA:

Se un alumno preséntase a unha das probas de EC (Teoría ou Práctica) considérase que esa parte séguea xa por EC, non podéndose presentar ó Exame Final de avaliação en Primeira Oportunidade de esa parte. Obsérvese que un alumno pode seguir, se así o deseja, unha parte (Teoría ou Práctica) por EC, e a outra (Práctica ou Teoría) por Exame Final.

ACTAS: Todo alumno que se presente a algún dos exercicios de EC, tanto de práctica como de teoría, considerarase como presentado e a súa nota será a obtida de aplicar as correspondentes fórmulas.

EXAMES: Para poder realizar calquera exame ou exercicio de teoría (T1, T2 e EF) ou de práctica (P1, P2, P3 e EF), tanto en avaliação en primeira como en segunda oportunidade, e convocatoria extraordinaria de fin de carreira, todo estudiante haberá de inscribirse a través da correspondente ferramenta informática, para o cal avisarase cun prazo mínimo de 5 días naturais.

NOTAS: Antes da realización ou entrega dun exercicio, ou a realización dun exame, indicarase a data e procedemento de revisión das cualificacións obtidas, que serán publicadas nun prazo razonable de tempo.

COMUNICACIÓN COS ALUMNOS: Todas as comunicacíons referentes a asuntos da organización docente serán realizadas a través das ferramentas informáticas empregadas na materia, principalmente FAITIC, BEA e correo electrónico. Enténdese que todos os alumnos len o seu correo electrónico (o consignado en FAITIC) polo menos unha vez ao día.

CÓDIGO ÉTICO: Espérase de todos os alumnos que teñan un comportamento ético en todas as probas de avaliação, garantindo a igualdade de oportunidades para todos os alumnos. No caso de que se detecte unha infracción de devandito comportamento ético nunha proba particular, a puntuación obtida nesa proba será automaticamente de cero (0) e emitirase un informe á Dirección da Escola para que tome as medidas oportunas.

Exemplos de comportamento non ético son: uso de aparellos electrónicos (móbiles, tabletas, ordenadores, etc.), copia doutro compaño, uso de material non autorizado nas normas concretas do exame en cuestión, etc.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gregorio Fernández Fernández, **Curso de Ordenadores. Conceptos básicos de arquitectura y sistemas operativos.**, 5^a,

Silberschatz, H.F. Horth y S. Sudarshan, **Fundamentos de Bases de Datos.**, 2^a,

Bibliografía Complementaria

A. S. Tanenbaum, **Organización de Computadoras. Un enfoque estructurado.**, 4^a,

J.L. Hennessy y D.A. Patterson, **Arquitectura de los Computadores. Un enfoque cuantitativo**,

Martín Llamas Nistal, Fernando A. Mikic Fonte y Manuel J. Fernández Iglesias, **Arquitectura de Ordenadores: Problemas y Cuestiones de Teoría**, 1^a,

Alberto Gil Solla, **Ejercicios resueltos sobre Fundamentos de los Ordenadores**, 1^a,

Alberto Gil Solla, **Problemas resueltos de programación en ensamblador**, 1^a,

Fernando A. Mikic Fonte y Martín Llamas Nistal, **Arquitectura de Ordenadores: Problemas de Programación en Ensamblador**, 1^a,

C. Costilla Rodríguez, **Introducción a las Bases de Datos Modernas**,

V.C. Hamacher, Z.G. Vranesic, S.G. Zaky, **Organización de Computadoras**, 2^a,

D. A. Patterson y J.L. Hennessy (Traducido por J.M. Sánchez), **Organización y diseño de Computadores. La interfaz hardware/software**,

Stephen Welsh and Peter Knaggs, **ARM: Assembly Language Programming**, 2003

Gregorio Fernández Fernández, **Elementos de Sistemas Operativos, de representación de la información y de procesadores hardware y software**, 2015

Sergio Barrachina Mir, Maribel Castillo Cata- Ián, Germán Fabregat Llueca, Juan Carlos Fernández Fer, **Introducción a la arquitectura de computadores con QtARMSim y Arduino**,

Sergio Barrachina Mir, Maribel Castillo Cata- Ián, Germán Fabregat Llueca, Juan Carlos Fernández Fer, **Prácticas de inntroducción a la arquitectura de computadores con QtARMSim y Arduino**,

Recomendaciones